XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP de Prácticas López Ferreiro Cód. 15015676
Rúa Xasmíns s/n – 15704 Santiago de Compostela
Tfno.: 981543178 Fax: 981583459
ceip.lopez.ferreiro@edu.xunta.es

# PROCESO de ADMISIÓN e MATRICULACIÓN de ALUMNADO

# ENQUISA SOBRE A LINGUA FALADA POLO ALUMNADO

## PRESENTACIÓN

Estimados pais e nais de alumnado:

Tal como estabelecen as Leis, "a lingua propia de Galicia é o galego" (artigo 5.1 do Estatuto de Autonomía, L.O 1/981; artigo 1 da Lei 3/1983, de Normalización) e “todos os galegos teñen o dereito de coñecelo e de usalo” (artigo 1 da Lei 3/83), así como que “os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas (galego e castelán) e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento” (artigo 3 do Estatuto).

Por outra parte, a lingua constitúe “un elemento básico de identidade” do pobo e representa “un valor fundamental de cohesión nunha determinada comunidade” e como o ensino é “sen dúbida un sector fundamental para a implantación de hábitos lingüísticos en galego”, cómpre “reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz” (Decreto 79/2010).

De maneira que o obxectivo fundamental debe ser a “obtención dunha competencia axeitada do galego no ensino obrigatorio”, co fin de propiciar a igualdade plena e efectiva entre as dúas linguas oficiais por parte de toda a poboación escolar garantindo igualmente a mesma competencia en ambas as dúas linguas .

Para podermos levar a cabo tal labor, temos que coñecer cal é a lingua dos nenos e nenas e do seu contorno familiar. A partir deses datos, lévase a cabo a planificación máis axeitada para lles garantir estas aprendizaxes nas mellores condicións.

O Equipo de Dinamización Lingüística do Colexio ten a obriga de orientar este traballo. Para iso, o primeiro paso é realizar unha enquisa para que se nos facilite a información imprescindíbel.

Pregamos, por tanto, que se cubra este cuestionario e se entregue no momento de facer efectiva a matrícula do/a fillo/ no colexio.

Agradécese a claboración e aproveitamos par os/as saúdar.

Polo EDL e polo Colexio

Asdo.: José Ramón Carril Vázquez, director

**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**CEIP de Prácticas López Ferreiro** **Cód. 15015676**
Rúa Xasmíns s/n – 15704 Santiago de Compostela
Tfno.: 981543178 Fax: 981583459
ceip.lopez.ferreiro@edu.xunta.es

Nome do/a neno/a: ......................................................................................

Curso: 2017/18 Curso e nivel no que se matricula:...............................

Para o presente estudo precisamos que conteste as seguintes cuestións:

2 LINGUA EMPREGADA ENTRE OS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR:

| | Galego | Máis galego que castelán | Máis castelán que galego | Castelán | Outra: ............. |
|---|---|---|---|---|---|
| A. Os avós e as avoas falan habitualmente: | | | | | |
| a. Entre eles/as ....................................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| b. Cos pais do/a alumno/a ..................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| c. Co/a alumno/a ..................................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| B. Os país falan habitualmente: | | | | | |
| a. Entre eles/as ....................................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| b. Cos pais (avós do/a alumno/a) ........ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| c. Cos/cas fillos/as .................................. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| C. O/A alumno/a fala habitualmente: | | | | | |
| a. Cos avós .............................................. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| b. Cos pais ............................................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| c. Cos/cas irmáns/ás ............................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| D. O persoal doméstico fala habitualmente: | | | | | |
| a. Cos pais do/a alumno/a ..................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| b. Co/a alumno/a .................................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |

1 OUTRAS PERSOAS COAS QUE O NENO OU NENA SE RELACIONA NORMALMENTE:

| O/A neno/a fala con eles/elas: | Galego | Máis galego que castelán | Máis castelán que galego | Castelán | Outra: ............. |
|---|---|---|---|---|---|
| A. Tios, curmáns, outros parentes......... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| B. Amigos/as habituais ............................ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| C. Amikgos/as da nai ou do pais............ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| D. Veciños/as .......................................... | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |